


Programación cultural paralela:

- ① Inauguración exposición e explicación da mostra.
Xoves, 3 de decembro de 2015.
- ② Conferencia: "Contexto cultural do castro de Sta. María do Castro. Cervantes" a cargo do director da súa escavación Luis F. López González.
Xoves, 10 de decembro de 2015 ás 20:00 h, no refectorio do MPL.
- ③ Visitas guiadas especializadas para concertar e obradoiros para nenos/as.

Información e contacto: 982 24 21 12 / [dirección@museolugo.org](mailto:direccion@museolugo.org)

FICHA TÉCNICA EXPOSICIÓN

Dirección do proxecto: Aurelia Balseiro García
Comité científico: Enrique Alcorta
Aurelia Balseiro
M.ª Ofelia Carnero
Adrián Folgueira
Coordinación técnica: Encarna Lago e Aurelia Balseiro
Restauración: Blanca Besteiro e BIC
Montaxe: Unidade de mantemento do MPL
Revisión lingüística: Montserrat González
Colaboración: Daniel Rajal
Agradecimentos: Xunta de Galicia
Terra Arqueos



INVESTIGACIÓN NO MPL: FONDOS ARQUEOLÓXICOS

1 Cultura material do Castro

Sta. M.^a do Castro (Cervantes, Lugo)

Coa finalidade principal de investigar, contextualizar, expoñer e divulgar os fondos de reserva do MPL para poñelos en valor aproveitando a actualización do seu estudio e investigación, comezamos uns proxectos expositivos de pequena dimensión, debido á súa concreción ou especialización, e de carácter fundamentalmente divulgativo ainda que cunha base científica sólida. Esta andadura comeza coa investigación profunda de conxuntos, pezas e/ou coleccións para concluir promocionando o patrimonio arqueolóxico dos fondos de reserva do MPL a través de exposicións temporais e folletos informativos ad hoc. No ano 2015 esta é a primeira mostra que dará a coñecer os resultados da investigación de fondos arqueolóxicos sobre a cultura material dun castro galaico-romano. Para o ano 2016, propoñémonos amosar outras coleccións que continuarán este proxecto.

Esta exposición pretende dar a coñecer este poboado, cuxas escavacións determinaron unha ocupación romana principal, datada nos séculos I e II d. C., xunto coa cultura material exhumada que se conserva actualmente no MPL como depósito da Xunta de Galicia.

O contido divídese en sete partes e/ou paneis:

A primeira parte amosa o enclave, cronoloxía e descripción do xacemento de Sta. M.^a do Castro, Cervantes (Lugo).

Os catro paneis seguintes amosan as características da cerámica atopada neste poboado, que constitúe o material máis abundante na escavación. A través de textos, imaxes e debuxos explícase, polo miúdo, a cerámica de tradición indíxena, a romana de cociña e almacenaxe e as vasillas finas. Nestas últimas diferéncianse as importacións de *Lucus Augusti* e as hispánicas de diferentes puntos da península.

Outra parte importante da cultura material deste poboado fórmansa o conxunto de pezas metálicas que se acompañan doutros materiais líticos relacionados probablemente coa súa fabricación.

As pezas de aderezo persoal (aneis, doas de collar) ou complementos de atavío (fíbulas e fibelas) constitúen o contido da sexta parte.

Finalmente, no apartado doutros materiais inclúense imaxes e información de diversas pezas realizadas en bronce, vidros e moedas.

Obxectivos xerais:

- ◆ Fomentar a investigación dos fondos museográficos do MPL.
- ◆ Dar a coñecer os resultados dos traballos internos de investigación.
- ◆ Dialogar e relacionar os contidos permanentes do itinerario expositivo do museo coas exposicións temporais.
- ◆ Difundir e divulgar aspectos relativos ao noso patrimonio cultural.
- ◆ Revisar e actualizar datos e documentación do inventario de fondos do MPL.
- ◆ Amosar de xeito ameno e ilustrativo os contidos científicos do museo.
- ◆ Fomentar as visitas ao MPL ofertando novos proxectos de interese para usuarios habituais e para atraer novo público.

Obxectivos concretos desta exposición:

- ◆ Contextualizar e reunir pezas de xacementos arqueolóxicos concretos para estudiá-las en conxunto.
- ◆ Iniciar estudos parciais de conxuntos arqueolóxicos heteroxéneos de cultura material conservada no MPL.
- ◆ Visibilizar os fondos de reserva fóra da exposición permanente.
- ◆ Dinamizar e achegarlle o traballo científico relacionado cos fondos arqueolóxicos á ciudadanía.
- ◆ Aumentar o coñecemento do noso pasado e o interese pola arqueoloxía.